

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN: HISTORIA DA ARTE

O modelo de exame será o mesmo modelo das PAU con 4 preguntas

Unha proba escrita por trimestre cunha cualificación máxima de 9 puntos.

Pregunta 1. Identificación de elementos artísticos a partir de fotografías. Conceptos establecidos pola CIUG (Comisión Interuniversitaria de Galicia).

Pregunta 2. Elaboración dun artigo de divulgación de máximo 400 palabras. Temas establecidos pola CIUG.

Pregunta 3 e 4. Comentario de obras de Arte. Obras establecidas pola CIUG.

Outros aspectos (recollidos na Programación Didáctica): cualificación máxima 1 punto.

OUTROS ASPECTOS SOBRE A MATERIA RECOLLIDOS NA PROGRAMACIÓN.

- Tanto nas probas como nas actividades ao longo do curso, terase en conta a corrección escrita (léxico, gramática, ortografía, orde, limpeza....). Será indispensable unha correcta escrita para acadar a puntuación máxima nas preguntas ou actividades (ao igual que nas probas PAU). As faltas de ortografía baixarán ata 1 punto a nota das probas e actividades.
- As actividades do curso terán un prazo de entrega establecido (con suficiente marxe para a realización correcta das mesmas). Non se recollerá nada fóra do prazo establecido.
- Tanto as actividades coma as probas escritas pódense facer en castelán ou en galego.
- Para ter unha avaliación positiva nos trimestres o alumnado terá que acadar como mínimo un **5** que resultará da suma entre as probas obxectivas (90 % da nota) e os traballos obrigatorios/ voluntarios ou exercicios (10 % nota). Haberá unha recuperación de cada unha das avaliacións trimestrais nas datas establecidas polo profesorado.
- Para acadar unha avaliación positiva a fin de curso terá que obter un **5** de media nas tres avaliacións. A cualificación final resulta da media aritmética das tres avaliacións (notas do boletín ou das recuperación, según o caso). Tras isto, se o alumnado non supera a materia a finais de curso realizará unha proba de recuperación final extraordinaria.
- O criterio de aproximación e redondeo aplicarase a partir dunha cualificación trimestral aprobada, é dicir de **5**. Cando o decimal sexa igual ou superior a 0,6 a nota redondearase ao enteiro superior; se é igual ou inferior a 0,5 o redondeo será ao enteiro inferior.
- O alumnado que sexa sorprendido copiando nunha proba escrita:
 - Recibirá unha amonestación por escrito, que será comunicada á Xefatura de Estudos e á familia para que se aplique a normativa vixente no centro.
 - Igualmente será retirada a proba escrita levando un 0 na mesma e o alumnado terá dereito á recuperación da proba nas datas fixadas a tal efecto polo profesorado, de tal maneira que esta conduta non altere o normal desenvolvemento da programación e das clases á que ten dereito todo o alumnado.